



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Historia: Metodoloxía da historia

Materia	Historia: Metodoloxía da historia			
Código	O02G251V01401			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 2	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Presedo Garazo, Antonio			
Profesorado	Presedo Garazo, Antonio			
Correo-e	antonio.presedo@uvigo.es			
Web	<a href="http://moovi.uvigo.es">http://moovi.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Introducción ao estudo dos problemas metodolóxicos, fontes e técnicas de investigación ligadas a produción e coñecemento histórico.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
B6	Aplicalas no contexto do futuro académico e/ou profesional; e crear as bases para futuros estudos de postgrao, especializados e/ou multi-disciplinares
C17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente
C23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica
D1	Capacidade de análise e síntese
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado	A1	B3	C17	
	A2	B6	C23	
	A3			
	A5			
Coñecemento e utilización dos conceptos técnicos e o vocabulario básico para entender os procesos históricos	A1	B3	C17	
	A2	B6	C23	
	A3			
Coñecemento dos métodos para o estudo da estrutura diacrónica dos procesos históricos	A2	B3	C17	D1
	A3	B6	C23	D5
	A5			

## Contidos

### Tema

1. A produción do coñecemento histórico: teoría e método	1.1. Epistemoloxía e metodoloxía da historia. 1.2. Heurística e hermenéutica: tipoloxía e crítica de fontes. 1.3. Relación teoría/método e método/fontes. 1.4. Historia e tempo: cronoloxía e periodización.
2. A metodoloxía histórica	2.1. As metodoloxías e técnicas cualitativas. 2.2. As metodoloxías e técnicas cuantitativas. 2.3. As metodoloxías de traballo compartidas con outras Ciencias Sociais e apertura interdisciplinaria.
3. O proceso de investigación histórica	3.1. O oficio ou práctica do historiador e a investigación histórica. 3.2. Deseño e pasos na elaboración dun traballo de investigación histórica.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	24	32	56
Obradoiro	4	6	10
Traballo tutelado	9	26	35
Eventos científicos	2	0	2
Seminario	2	0	2
Exame de preguntas obxectivas	3	12	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	12	15
Traballo	2	8	10
Observación sistemática	0	4	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesións encamiñadas, por unha banda, a tomar contacto e obter información do alumnado e, por outra, a presentar o programa da materia.
Lección maxistral	Exposición oral dos contidos da materia por parte do profesor.
Obradoiro	Actividades enfocadas ao traballo intensivo sobre un tema ou serie de temas do programa que pode requirir a lectura e manexo de bibliografía, dar resposta a preguntas dirixidas, etc., orientadas a fomentar o debate e a participación activa do alumnado. Dentro destas actividades inclúense dous seminarios programados.
Traballo tutelado	Actividades en grupo nas que se orientará e tutelará a realización dun proxecto ou traballo de investigación con fontes de arquivo.
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Seminario	Seguimento e aclaración de dúbidas acerca dos contidos da materia, traballos e prácticas.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas relacionadas coas presentacións especializadas e as lecturas de materiais bibliográficos que se van tratar nos seminarios. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas que lle podan xurdir ó alumnado mentres leva a cabo a elaboración de ditos traballos tutelados. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).
Seminario	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas sobre os contidos teóricos e as actividades prácticas da materia. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

## Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
------------	---------------	---------------------------------------

Obradoiro	A avaliación realizarase mediante a elaboración dun informe, dossier ou memoria de prácticas.  Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado	10	A3 B3 C23 D1
Traballo tutelado	Elaboración, montaxe e entrega dun traballo persoal de investigación histórica a partir da lectura e análises de fontes documentais.  Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Coñecemento dos métodos para o estudo da estrutura diacrónica dos procesos históricos	30	A2 B3 C17 D5 A3 B6 C23
Exame de preguntas obxectivas	Os contidos impartidos nas leccións maxistras avaliaranse mediante a realización de dúas probas (parciais). Inclúen unha serie de preguntas de resposta curta (proba A). Para superar a materia será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 sumando as probas A (Exame de preguntas obxectivas) e B (Exame de preguntas de desenvolvemento).  Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Coñecemento e utilización dos conceptos técnicos e o vocabulario básico para entender os procesos históricos ii. Coñecemento dos métodos para o estudo da estrutura diacrónica dos procesos históricos	25	A1 B3 D1 A3
Exame de preguntas de desenvolvemento	Os contidos impartidos nas leccións maxistras avaliaranse mediante a realización de dous exercicios (parciais). Esta proba consiste na análise pormenorizada de varios documentos (en diversos formatos: textos, táboas, gráficas...) relacionados con contidos diferentes do temario (proba B). Para superar a materia será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 sumando as probas B (Exame de preguntas de desenvolvemento) e A (Exame de preguntas obxectivas).  Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Coñecemento e utilización dos conceptos técnicos e o vocabulario básico para entender os procesos históricos ii. Coñecemento dos métodos para o estudo da estrutura diacrónica dos procesos históricos	25	A1 B3 D1 A3
Observación sistemática	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado, a través da realización e presentación en tempo e forma das distintas tarefas establecidas nas sesións teóricas e prácticas, seminarios, titorías e outras actividades. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: elaboración de traballos básicos e resolución de problemas.	10	A2 D5 A5

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo, deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (dle-rae).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de avaliación global deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuadrimestre (artigo 19.4 do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado* da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos/as que non poidan acollerse á avaliación continua (que esixe a entrega en tempo e forma da totalidade das tarefas) serán avaliados dos contidos da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará o 30% restante. Tal como se indica na descrición pormenorizada das probas, esta proba escrita constará de dúas partes: unha equivalente ao Exame de preguntas obxectivas (proba A), e outra equivalente ao Exame de preguntas de desenvolvemento (proba B). Así mesmo, o devandito traballo deberá estar asinado, como mínimo, un mes antes da realización do exame oficial e entregarse coincidindo coa data fixada polo Centro para a realización do mesmo en cada convocatoria. En todos os casos (modalidade presencial, semipresencial e opción do mencionado art. 3.10), para superar a materia, requírese obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 na proba escrita (contidos teóricos e prácticos, equivalentes ás probas A e B).

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Alía Miranda, F., **Técnicas de investigación para historiadores: las fuentes de la historia**, Síntesis, 2005

Aróstegui, J., **La investigación histórica: teoría y método**, Crítica, 2001

Cardoso, C., **Introducción al trabajo de la investigación histórica**, 5.ª, Crítica, 2000

Cardoso, C., **Los métodos de la historia**, 7.ª, Crítica, 1999

Hernández Sampieri, R.; Fernández Collado, C.; e Baptista Lucio, P., **Metodología de la investigación**, 6.ª, McGraw-Hill, 2014

Pardinas, F., **Metodología y técnicas de investigación en ciencias sociales**, 39.ª, Siglo XXI, 2008

Robles Sastre, E., **Metodología e investigación: contenidos y formas**, 3.ª, Universidad Camilo José Cela, 2005

### **Bibliografía Complementaria**

Burke, P. (ed.), **Formas de hacer historia**, 2.ª, Alianza, 2003

Burke, P., **Visto y no visto. El uso de la imagen como documento histórico**, Crítica, 2001

Carr, E. H., **¿Qué es la historia?**, Ariel, 1983

Floud, R., **Métodos cuantitativos para historiadores**, 3.ª, Alianza, 1983

Koselleck, R., **Futuro Pasado. Para una Semántica de los Tiempos Históricos**, Paidós, 1993

Remond, R. et al., **Hacer historia del siglo XX**, Biblioteca Nueva, UNED e Casa de Velázquez, 2004

Sautu, R. et al., **Manual de Metodología. Construcción del marco teórico, formulación de objetivos y elección de la metodología**, 2.ª, Prometeo Libros, 2010

Topolsky, J., **Metodología de la historia**, Cátedra, 1982

---

## **Recomendacións**

### **Outros comentarios**

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos/as os/as alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.